

# CERRAR LOS OJOS

Víctor Erice, 2023

# 1174

ESTREA EN NUMAX: 29.09.2023 | V.O. | +7 | 169 min

Un célebre actor español, Julio Arenas, desaparece durante a rodaxe dun filme. Aínda que nunca se chega a atopar o seu cadáver, a policía conclúe que sufriu un accidente á beira do mar. Moitos anos despois, esta sorte de misterio volve á actualidade a raíz dun programa de televisión que pretende evocar a figura do actor, ofrecendo como primicia imaxes das últimas escenas nas que participou, rodadas polo que fora o seu íntimo amigo, o director Miguel Garay.

«É o filme que levabamos  
agardando tres décadas»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



## Entrevista con Víctor Erice: «O personaxe de Miguel Garay non son eu»

Por Marcos Uzal

**Cal é o punto de partida do guión de *Cerrar los ojos*?** En orixe había un texto que eu escribín hai bastante tempo. A historia dun filme, *La mirada del adiós*, na que a rodaxe se interrompe e xamais se retoma, a causa da desaparición do actor principal. Un misterio non resolto. No fondo desta historia resoaba probablemente o que me sucedeu cando gravei *El sur* (1983), un filme que considero inacabado.

**Levabas sen gravar unha longametraxe trinta anos. Que te levou a volver filmar despois de tanto tempo? Tes a sensación de ser un cineasta diferente?** Seguín filmando durante todos estes anos, curtas e mediametraxes, pero é certo que non fixera ningunha longa agás as *Correspondencias* con Abbas Kiarostami cara ao ano 2006. Creo que son esencialmente o mesmo cineasta, se cadra mudei algo o estilo realizando pezas para museos ou instalacións de vídeo. Pola contra o que si que mudou co tempo, e de maneira radical, é o propio cinema. A maneira de producir, de realizar e de contemplar. Da experiencia orixinal dos irmáns Lumière só quedan as salas, que son case unha reliquia. Socialmente o audiovisual impúxose, e para min hai unha diferenza substancial entre o cinema e o audiovisual.

**A presenza de Ana Torrent en *Cerrar los ojos* remite directamente a *El espíritu de la colmena* e, por tanto, ao tempo que transcorre entre estes dous filmes. Adiviñanse tamén as pegadas do que podería ter sido a segunda parte de *El sur*, en Andalucía, e do guión de *La promesa de Shanghai*, un proxecto non realizado. Tiveches a sensación de estar á procura do tempo perdido?** A dicir verdade, non. Pode ser porque hai cousas no cinema que se perderon para sempre. Creo que un dos riscos na interpretación do filme é que a xente considere que o personaxe principal de Miguel Garay son eu. É innegable que metín no personaxe algunhas cousas, anecdóticas ou esenciais, que me pertencen. Pero o seu personaxe non son eu. Nin a aventura da súa vida é a miña. E ademais, canta bastante mellor ca min.

**A relación entre e el e o seu amigo Max pareceume que representaba as dúas partes da túa relación co cinema, dunha banda o cineasta e da outra o cinéfilo, o crítico. Volo así?** Realmente non. Estes dous personaxes encarnan unha amizade que non foi alterada polos anos, a pesar dos avatares das súas vidas. Comparten a mesma experiencia fundamental co cinema. Unha cinefilia tecida polos filmes clásicos americanos e a súa apropiación europea, propia da modernidade que representaron no seu tempo os cineastas da Nouvelle Vague. Ademais de ser o montador de *La mirada del adiós*, Max distribúe filmes de autor en circuítos paralelos non estritamente comerciais, cineclubes e centros culturais. El di coincidir con Garay ao ser un crente non practicante.

**Trátase dun filme no que se sente o frío, a chuvia, o gris. Tiven a sensación de que mostrabas un mundo exterior que perdera a súa gracia.** É unha interpretación curiosa. En Andalucía en outono tamén chove e, emocionalmente, esas paisaxes son de todo menos frías para min. Nunha escena cortada nun pequeno mercado xitano escoitábase baixo a chuvia torrencial unha *rumbita* moi popular: "Bailarás con alegría". Toda unha declaración. É unha mágoa que non a puidera integrar no filme.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Correspondencias*,  
Víctor Erice e  
Abbas Kiarostami.  
CCCB [DVD]

*Víctor Erice y la música*,  
José Ángel Lázaro López.  
Shangrila, 1974

*El espíritu de la colmena*,  
Víctor Erice.  
Divisa [DVD]